

ORDENANZA FISCAL Nº 13, REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO PÚBLICO DA PISCINA MUNICIPAL

Artigo 1º.- Concepto

De conformidade co previsto no artigo 117, en relación co artigo 41.b), ámbolos da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, o concello de Tordoia establece o prezo público pola prestación do servizo público pola utilización da piscina municipal, que se rexerá pola presente ordenanza.

Artigo 2º.- Obrigados ao pago

Están obrigados ao pago do prezo público regulado nesta ordenanza os que se beneficien dos servizos ou actividades prestados ou realizados por este Concello, a que se refire o artigo anterior.

Artigo 3º.- Contía

A contía do prezo público regulado nesta ordenanza será fixada na tarifa expresada no apartado seguinte:

1) NON ABONADOS:

Prezo da entrada na piscina 2,40 €

2) BONO INDIVIDUAL: mensual

a) Residentes no Concello:

Adultos 18 €

b) Non residentes no Concello:

Nenos ata 16 anos 9 €

Adultos 30 €

Nenos ata 16 anos 30 €

3) BONO FAMILIAR: (mensual e só para as persoas que estean

empadroadas no Concello de Tordoia):

- a) Bono pai ou nai 15 €
- b) Cota 1º fillo/a 9 €
- c) Cota 2º fillo/a 6 €
- d) Cota 3º fillo/a (ou máis) 0 €

A condición de abonado adquirírase tras o pagamento do prezo correspondente e a acreditación de estar empadroadado no Concello de Tordoia.

4) CURSOS DE NATACIÓN: (é obrigatorio estar abonado).

Cursos en xeral ata un máximo de 2 días á semana:

- a) Nenos/as ata 16 anos 6 €/mes
- b) Adultos 12 €/mes.

5) CARNÉ XOVE:

Tódolos xoves que acrediten estar en posesión do carné xove terán un desconto do 25%.

Artigo 4º.- Obriga do pago

- 1) A obriga do pago do prezo público regulado nesta ordenanza nace dende que se presta ou realice calquera dos servicios ou actividades especificados nos artigos anteriores.
- 2) O pago do prezo efectuaranse no momento de entrar no recinto da piscina municipal.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza foi aprobada polo Pleno en sesión celebrada o día 24 de Xuño de 1999 e entrará en vigor o día da súa publicación no boletín oficial da provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.